

BASES CONVOCATORIAS

CONGRESO EXTRAORDINARIO DO PSdeG-PSOE

PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL DO PSdeG-PSOE

COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL GALEGA

09-03-2024

PSdeG-PSOE

1. DISPOSICIÓN XERAIS

No presente documento establécense as bases e o calendario para a Celebración do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG do 27 de abril e do proceso de Primarias para a elección da persoa que ostentará a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE para dito proceso, polo tanto inclúe:

- Calendario dos procesos.
- A elección directa do/a Secretario/a Xeral do PSdeG-PSOE.
- A elección de delegados/as ao Congreso Nacional Extraordinario. A elección da Comisión Executiva Nacional.

Este proceso congresual desenvolverase no marco do establecido nos Estatutos, tanto Federais como Nacionais do Partido, no Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais e nas presentes bases desta mesma convocatoria.

A elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE realizarase en base ao sistema de primarias a dobre volta, mediante voto individual, directo e secreto dos e das militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE, con plenos dereitos políticos e da militancia das Xuventudes Socialistas de Galicia.

A elección de delegadas/os ao Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG realizarase a través de votación individual, directa e secreta de listas pechadas e bloqueadas da militancia e da/os afiliadas/os directos/as, con plenos dereitos políticos.

A elección da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE farase mediante o sistema de voto maioritario, a proposta da/o Secretaria/o Xeral electa/o, por voto individual, directo e secreto das/os delegadas/os con dereito a voto no Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG.

1.1.Datas e lugar de celebración do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG

O Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG celebrarase o día 27 de abril de 2024, en Santiago de Compostela, no Hotel Oca Puerta del Camino, Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n.

1.2. Calendario do proceso congresual

CALENDARIO CONGRESO NACIONAL EXTRAORDINARIO	
CALENDARIO PRIMARIAS – CANDIDATA/O Á SECRETARÍA XERAL DO PSdeG-PSOE	
Convocatoria Congreso Extraordinario e Convocatoria Proceso de Primarias á Secretaría Xeral por parte da Comisión Executiva Nacional Galega	9 (S) de marzo
Prazo de subsanación de erros censuais	27 (Me) de marzo
Presentación de precandidaturas	11 (L) -14 (X) ás 15.00h de marzo
Recollida e presentación de avais	15 (V) -22 (V) ás 12h de marzo
Remisión de centros electorais	18 (L) de marzo
Proclamación provisional de candidatos	22 (V) de marzo
Prazo de recursos e proclamación definitiva	23 (S) - 26 (Ma) de marzo
Campaña de información	27 (Me) de marzo- 06 (S) de abril
Elección de delegadas/os en Asembleas Locais	4 (X) e 7 (D) de abril
XORNADA DE VOTACIÓN (1ª volta)	7 de abril (D) de abril
Proclamación provisional de resultados	7 de abril (D)
Prazo de recursos e proclamación definitiva	8 (L) -11(X) de abril
XORNADA DE VOTACIÓN (2º volta)	14 de abril (D)
Proclamación provisional de resultados	14 de abril (D)
Prazo de recursos e proclamación definitiva	15 (L) - 18 (X) de abril
CONGRESO EXTRAORDINARIO	27 (S) DE ABRIL

1.3. Orde do día provisional do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG.
2. Elección da Mesa do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG.
3. Apertura do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG. Saúdo da Presidencia do Congreso.
4. Elección da Comisión Electoral do Congreso e apertura do prazo de presentación de candidatura para a Comisión Executiva Nacional Galega.
6. Proclamación da candidatura presentada diante da Comisión Electoral.
8. Votación da candidatura proclamada.
9. Proclamación dos resultados da votación.
10. Clausura.

1.4. Censo e composición do Congreso Nacional Extraordinario do PSdeG

O censo válido para o proceso de elección de delegadas e delegados será o actualizado e verificado pola Comisión Executiva Federal, autorizado polo Departamento de Atención ao Militante e á Cidadanía (DAMyC), e pechado a data 1 de febreiro de 2024.

Son membros con dereito a voz e voto neste Congreso Nacional Extraordinario:

- As/os delegadas/os elixidas/os nas asembleas pola militancia e polas/polos afiliadas/os directas/os. A data de celebración das Asembleas Municipais será entre os días 4 e 7 de abril. O baremo a aplicar para a elección de delegadas/os será o seguinte:
- Unha ou un delegada/o por Agrupación ata os 16 militantes e AD.
- Adicionalmente, asignarase a cada Agrupación unha delegada ou un delegado máis por cada 16 militantes e AD máis.
- As Xuventudes Socialistas de Galicia, estarán representadas cun número de delegadas/os equivalente a unha porcentaxe situada entre o 2% e o 5% do total de delegadas/os.

Son membros con voz e sen voto:

- A Comisión Executiva Nacional Galega.
- A Comisión Nacional de Ética.

Para o proceso de elección de delegadas/os non existirá posibilidade de solicitude de desprazamento de voto.

1.5. Presentación de candidaturas de delegadas e delegados

Cada Comisión Executiva Municipal procederá á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de delegadas e delegados, que rematará 24 horas antes á data da súa elección en Asemblea Municipal, que terá lugar entre os días 4 e 7 de abril en Asemblea Extraordinaria.

As listas deberán ser completas: é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir (cun máximo de tres suplentes), cerradas, bloqueadas e ter igual representación de homes que de mulleres (cando o número de integrantes da lista sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada ao equilibrio numérico).

A Secretaría de Organización da Agrupación Municipal será a encargada de verificar que as candidaturas presentadas cumpran os requisitos esixidos. No caso de atopar nelas algún defecto que se poida corrixir, deberá comunicarllo de maneira inmediata á candidatura afectada, outorgándolle un prazo para facelo.

Enviarse a acta da asemblea ao Comité Organizador do Congreso Extraordinario tan pronto sexa posible e sempre nas seguintes 48h do remate da Asemblea Municipal.

Será en última instancia o Comité Organizador do Congreso Extraordinario quen verifique a validez das candidaturas enviadas, podendo, previa comunicación á Comisión Executiva Municipal, modificar dita lista coas persoas suplentes en caso de non axustarse ás bases da convocatoria.

1.6. Atribución de delegadas e delegados

No suposto de que existan dúas ou máis listas, as/os delegadas/os atribuiranse proporcionalmente ao número de votos obtidos polas candidaturas, sempre que superasen o 20% dos votos válidos a candidaturas, aplicándose, no caso de que o número de delegadas/os a asignarse sexa de 3 ou máis, os seguintes criterios:

1. A lista máis votadas corresponderanlle , como mínimo, a metade máis un/unha das/dos delegadas/os a elixir. Cando o número de delegados a repartir sexa impar, considerarase a metade máis un o primeiro número enteiro superior ao 50%.
2. En caso de que existan máis de dúas listas que superen o 20% dos votos, o resto das/os delegadas/os repartirase proporcionalmente entre as listas minoritarias, excepto cando sexa unha ou un única/o delegada/o a repartir. Nese caso corresponderalle á lista minoritaria máis votada.
3. A/o última/o delegada/o atribúese ao resto máis alto. En caso de empate a/o delegada/o atribuirase por sorteo entre as listas empatadas .

1.7. Autoridade electoral e Comité Organizador [Arts. 128, 130 e 131 RFD]

A autoridade electoral: ten por finalidade garantir o correcto desenvolvemento do procedemento, o cumprimento da normativa aplicable, a transparencia e obxectividade do proceso e o respecto ao principio de igualdade.

A autoridade electoral está integrada pola Comisión Nacional de Ética e polas mesas electorais.

O Comité Organizador: para os efectos de despregar e coordinar o dispositivo técnico e loxístico para o proceso de elección, a Secretaría de Organización designará un comité organizador do Congreso e do proceso de primarias. Poderá ditar cantas normas ou instrucións considere necesarias para o correcto desenvolvemento dos procesos.

Os órganos dos ámbitos inferiores deberán cumprir as directrices do Comité Organizador.

Contra as súas decisións caberá recurso ante a Comisión Nacional de Ética e en segunda instancia ante a Comisión Federal de Ética e Garantías.

O Comité Organizador estará formado polas seguintes persoas:

Presidente do Comité Organizador

José Manuel Lage Tuñas

Vogais do Comité Organizador

Lara Méndez López

Alberto Varela Paz

Margarita Martín Rodríguez

Silvia B. Fraga Santos

A Comisión de Primarias: estará formada pola Comisión Nacional de Ética, o Comité Organizador e os representantes das precandidaturas, que garantirá a igualdade entre os/as candidatos/as.

A Comisión de Primarias, en presenza dos/as representantes das candidaturas, poderá acordar calquera aspecto que afecte ao proceso.

2. PRIMARIAS Á SECRETARÍA XERAL DA CENG DO PSDEG-PSOE

A elección de Secretaria/o Xeral da Comisión Executiva Nacional realizarase mediante o sistema de primarias a dobre volta, mediante voto individual, directo e secreto das/dos militantes e afiliadas/os directas/os con plenos dereitos políticos.

Poderán ser candidatas/os aquelas persoas que ademais de formar parte do corpo electoral correspondente ao proceso congresual, cumpran os seguintes requisitos:

- Sexan militantes do PSdeG-PSOE e non incorran en causa de inelixibilidade algunha.
- Reúnan, como mínimo, o aval do 6% do corpo electoral.

2.1.Censo [O.A. 5ª EF, Arts. 151, 125.1, 126.1e 318.1 RFD]

O censo válido para o proceso de elección de primarias será o actualizado e verificado pola Comisión Executiva Federal, autorizado polo Departamento de Atención ao Militante e á Cidadanía (DAMyC), e pechado a data 1 de febreiro de 2024.

Considéranse militantes ou afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE e de XSG en pleno uso dos seus dereitos orgánicos a aqueles/as que, ademais de figurar de alta no peche censual anteriormente referido, teña satisfeita a cota correspondente ao segundo semestre do 2023 ou a primeira cota de afiliación para as novas altas solicitadas antes da data de peche censual.

Sufraxio activo: Teñen dereito a votar os/as militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE e de XSG, en pleno uso dos seus dereitos orgánicos.

As/os afiliadas/os directos participarán na Agrupación Municipal que lle corresponda polo seu lugar de residencia segundo conste na base de datos do DAMyC.

Sufraxio pasivo: Ten dereito a presentar a súa candidatura ao proceso de primarias calquera militante ou afiliado/a directo/a en pleno uso dos seus dereitos orgánicos.

O censo será custodiado e xestionado polo *Departamento de Atención al Militante y la Ciudadanía*, que velará polo seu uso responsable, así como polo pleno respecto á lexislación sobre protección de datos.

De acordo co estipulado nas normas que desenvolven a lexislación de Protección de Datos de carácter persoal, en ningún caso, as precandidaturas ou candidaturas poderán acceder a datos persoais da militancia.

2.2. Presentación de precandidaturas [Artg 58.1.b) RFD]

Terán a condición de precandidatos/as, aquelas persoas con dereito a sufraxio pasivo que comuniquen formalmente a súa intención de concorrer ao proceso de primarias mediante o oportuno impreso e acepten expresamente as normas do proceso e, en concreto, as normas sobre medios materiais e de financiamento .

O calendario marco establece que o prazo para a presentación de precandidaturas será do 11 ao 14 de marzo ata as 15 horas do mediodía.

A presentación deberá formalizarse ante a Comisión Nacional de Ética, presencialmente, ou a través do correo cne@socialistasdegalicia.com

Unha vez a Comisión Nacional de Ética verifique que a precandidatura cumpre os requisitos establecidos, poñerá en coñecemento do Comité Organizador a efectos de preparar o dispositivo técnico e loxístico para o desenvolvemento do proceso.

Unha vez obtida a condición de precandidato/a facilitaranse os seguintes medios:

- Os impresos oficiais para a recollida de avais no seu favor
- Os datos estatísticos do censo
- O número de avais necesarios para ser proclamada a candidatura
- Os datos de contacto das agrupacións municipais ou de distrito

2.3. Recollida, presentación e relato de avais [Arts. 136.4 e 5, 137, 138 e 181.3 b) RFD]

Para adquirir a condición de candidato/a ao proceso de primarias para ostentar a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE será necesario obter o seguinte número de avais:

- Un mínimo do 6%.
- Un máximo do 10%.

O calendario marco establece que o prazo para a recollida e presentación de avais será do 15 ao 22 de marzo (ás 12.00h).

O aval electrónico estará dispoñible a través da plataforma habilitada a tal fin, garantindo a identificación do avalista e a súa vontade de avalar á precandidatura da súa elección.

Os rexistros dos avais telemáticos facilitaranse oficialmente ao órgano verificador unha vez finalice o prazo fixado para a recollida de avais, para o seu relato e verificación.

Os avais en formato papel serán individuais e nominativos para cada precandidato/a. O modelo oficial aprobado pola Comisión Nacional de Ética deberá ser accesible a través da páxina web do Partido e facilitarase a quen o solicite na Agrupación Municipal correspondente (en todo caso sempre estará dispoñible na Sede Nacional do Partido, en Santiago de Compostela).

Os avais deberán presentarse ante o órgano verificador, a Comisión Nacional de Ética a través dos representantes das precandidaturas ou, directamente ante a Comisión. Serán válidos os orixinais presentados ou os remitidos á dirección de correo electrónico habilitada (cne@socialistasdegalicia.com) sempre que se remitan no modelo oficial.

Unha vez finalice o prazo de recollida e presentación de avais, o día 22 de marzo ás 12 horas do mediodía, procederase á verificación e ao relato dos avais polo órgano verificador.

Para proceder á verificación dos seus avais, o/a precandidato/a deberá achegar a declaración de bens, actividades e intereses e o documento de compromiso socialista debidamente cumprimentado e asinado.

Os criterios xerais de validez dos avais son os seguintes:

- Serán válidos todos os avais presentados mediante o sistema de aval electrónico.
- Serán válidos os avais presentados no modelo oficial que contén coa copia do anverso do DNI do/a militante ou afiliado/a directo/a do PSdeG- PSOE e de XSG que outorga o seu aval.
- Ninguén poderá avalar a máis dunha precandidatura diferente, considerándose avais nulos todos os emitidos por unha persoa a favor de máis dunha candidatura, aínda que sexa a través de distintos medios.
- Considerarase un único aval válido emitido por quen avalase máis dunha vez a favor da mesma precandidatura, a través de calquera dos medios previstos.
- Non serán válidos os avais presentados en formato de aval múltiple ou distinto ao modelo oficial.

2.4. Proclamación de candidaturas [Arts. 139 e 140 RFD]

Verificados e validados os avais presentados, a Comisión Nacional de Ética realizará unha proclamación provisional de candidaturas, contra a que caberá recurso de reposición en primeira instancia ante a propia Comisión dentro dun prazo de 24 horas desde o mesmo momento da proclamación.

Contra a súa resolución caberá recurso en segunda instancia ante a Comisión Federal de Ética e Garantías dentro dun prazo de 24 horas desde o mesmo momento da comunicación e a resolución.

Os recursos poderán interpoñerse por calquera dos/as precandidatos que acudiron ao proceso de verificación e reconto de avais. Aqueles que non acudiron a ese acto entenderase que renuncian á súa condición de parte do proceso electoral.

En ningún caso serán recurribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación ou non como candidatura de calquera precandidatura.

Transcorrido o prazo de presentación e resolución de recursos, sen que se presentara ningún a proclamación devirá en definitiva.

No caso de que se interpoña recurso, o órgano competente para resolver será o competente para a proclamación definitiva, é dicir, a Comisión Nacional de Ética en primeira instancia e a Comisión Federal de Ética e Garantías en segunda instancia.

Só se abrirá o proceso electoral interno de primarias no suposto de existir máis dun/ha candidato/a proclamado/a. En caso de resultar proclamada definitivamente unha única candidatura non se celebrará a votación e darase conta á Comisión Nacional de Listas.

2.5. Campaña de información [Artgs 141-143 RFD]

A campaña de información, conforme ao calendario marco, desenvolverase entre os días 27 de marzo ao 06 de abril, ambos inclusive.

Ás candidaturas, unha vez proclamadas, facilitaráselles en igualdade de condicións os seguintes recursos:

- Un espazo físico cedido polo PSdeG-PSOE, na sede nacional que sirva como oficina-despacho da candidatura.
- Un espazo na páxina web oficial do PSdeG-PSOE.
- As candidaturas poderán, se o desexan, dirixirse unha única vez á militancia e á afiliación directa, no seu caso, con cargo aos fondos do Partido, mediante envíos de propaganda, dentro dun criterio de austeridade e emprego racional dos medios comúns.
- Comunicacions por email a todos os electores que conforman o censo electoral e ás agrupacións do PSdeG-PSOE, dentro dos límites que estableza a Comisión Nacional de Ética.
- A súa coordinación coa oficina de prensa do PSdeG-PSOE.

Sen prexuízo do anterior, o Comité Organizador poderá pactar a posta a disposición doutros medios ou a realización de determinadas actividades, sempre dentro dos criterios establecidos pola Comisión Nacional de Ética.

O Comité Organizador facilitará a celebración de debates internos, que serán abertos aos integrantes do corpo electoral, celebrándose polo menos un entre todos/as os candidatos/as, previa consulta cos representantes das candidaturas.

A celebración de debates de difusión pública deberá autorizarse previamente pola Comisión de Primarias.

Os/as candidatos/as deberán manter un comportamento adecuado aos principios do PSdeG-PSOE e, sen prexuízo da individualidade da campaña de cada candidatura, todos os actos e accións que as candidaturas desenvolvan dentro da campaña de información deberán respectar e garantir uns criterios básicos de unidade de imaxe corporativa do Partido que serán establecidos polo Comité Organizador.

As candidaturas están obrigadas a respectar a normativa interna do Partido, o presente Regulamento e as instrucións ditadas polo Comité Organizador e a Comisión Nacional de Ética.

As candidaturas non poderán acceder a datos persoais da militancia ou afiliados/as directos/as, sempre de acordo co estipulado no desenvolvemento da lexislación de Protección de Datos de carácter persoal.

2.6. Financiamento das precandidaturas [Arts. 144-147 RFD]

As precandidaturas e candidaturas realizarán as súas campañas de información atendendo aos principios de austeridade, responsabilidade e transparencia, estando en todo momento sometidas ao control do Comité Organizador e da Comisión Nacional de Ética, que establecerán as condicións e limitacións para o financiamento, os gastos e a contabilidade do proceso de elección por parte das candidaturas, velando e asegurando, xunto co Comité Organizador, que aqueles se axustan ás normas previstas no Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais, así como do cumprimento dos mecanismos para garantir a súa transparencia.

Cada precandidato/a e os seus representantes, comprométense a cumprir o desenvolvemento e aplicación da normativa de financiamento para todo o proceso de elección, cuxa aceptación será obrigatoria para concorrer ao proceso de primarias.

O incumprimento de calquera das instrucións suporá o cesamento inmediato da correspondente actuación, comunicándoo, no seu caso, ás autoridades competentes, sen prexuízo de que se poidan adoptar as medidas de carácter disciplinario ou de ordenación do proceso que correspondan nese momento, incluída a decisión de apartar do devandito proceso aos responsables do incumprimento.

2.7. Xornada de votación [Artg. 154 RFD]

A xornada de votación desenvolverase, conforme ao calendario marco, en primeira volta, o día 7 de abril entre as 10.00 horas e as 20.00 horas.

Excepcionalmente, para os centros de menos de 100 electores poderase establecer un horario reducido de votación de, polo menos, 2 horas de duración baixo os criterios establecidos polo Comité Organizador.

Devandito horario deberá comunicarse ao Comité Organizador previa a publicación dos centros de votación e ser autorizado por este.

O acto de votación é único. Só poderá interromperse por causa de forza maior ou caso fortuíto.

As Comisións Executivas de cada centro de votación articularán os medios oportunos para garantir unha estancia individual ou espazo para a preparación polos/as electores, en segredo, do voto.

En todo caso o lugar e o horario de votación deberán facerse constar na convocatoria que se remita desde as agrupacións.

En caso de ser necesaria unha segunda volta celebrarase o día 14 de abril.

2.7.1. Centros de votación e Mesas Electorais [Arts . 149 e 150 RFD]

Como norma xeral, as Agrupacións Municipais e de distrito serán os centros electorais, con excepción das que teñan un censo inferior a 10 votantes.

As/os militantes das agrupacións cun censo inferior a 10 votantes exercerán o seu dereito ao voto no centro de votación asignado para o cal, a Secretaría de Organización Provincial debe elevar ao Comité Organizador unha proposta de centros de votación para a súa aprobación ou modificación antes da finalización do prazo para a presentación de avais.

Dita proposta poderá agrupar a varias destas agrupacións para alcanzar o número mínimo de electores, sempre que estean próximas xeograficamente, e designar a sede dunha delas como centro de votación.

Ao ter posibilidade os electores de solicitar voto desprazado, a Secretaría de Organización Provincial indicará aqueles centros de votación que pola súa natureza ou características non reúnen as condicións para recibir solicitantes de voto e non serán considerados como centros públicos de votación.

En cada centro de votación establecerase como mínimo unha Mesa electoral. Se o censo é de entre 500 e 1000 electores poderán establecerse dúas mesas de votación. O censo de electores dunha Mesa non poderá superar os 1.000 electores.

Para o proceso de votación elixirase unha mesa formada por unha presidencia e dúas vogalías mediante sorteo das persoas que conformen o censo provisional do correspondente centro de votación. Para ese efecto, a Comisión Executiva do centro de votación poderá fixar na convocatoria un momento previo, como máximo 24 horas antes do inicio da votación, para a súa elección.

2.7.2. Desprazamento de voto [Artg. 152 RFD]

Habilitarase a posibilidade de solicitar o desprazamento de voto para aqueles electores que non poidan acudir á agrupación que lles corresponde de acordo coa súa situación censual.

Desde a proclamación de candidaturas e ata o día 1 de abril, o Comité Organizador habilitará o procedemento de solicitude de voto desprazado e, como norma xeral, admitirá todas as solicitudes de desprazamento de voto a centros de provincia diferente da de orixe e estudará as solicitudes de desprazamento de voto entre centros da mesma provincia.

2.7.3. Listaxe de Electores [Artg. 151 RFD]

O único censo oficial e válido será o actualizado e verificado pola Comisión Executiva Federal e autorizado polo DAMyC. Conformarán o censo electoral:

- Os/as militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE
- Os/as militantes de XSG

O Departamento de Atención á Militancia e a Cidadanía facilitará ao Comité Organizador establecer un período de corrección para poder facer alegacións sobre erros que puidesen existir ata o 27 de marzo.

O DAMyC remitirá a cada mesa as listaxes de votación válidos para o desenvolvemento da xornada de votación.

Na devandita listaxe figurarán identificados, ademais dos/as militantes da agrupación que é centro de votación, os/as afiliados/as directos/as, os militantes de XSG, os/as interventores/as das candidaturas e os votantes desprazados se houbese.

2.7.4. Interventores/as e Apoderados/as [Artg. 153 RFD]

Cada candidatura poderá acreditar ata o día 1 de abril un máximo de dúas persoas con dereito de sufraxio activo como interventores/as dunha mesa electoral e tamén os apoderados/as na mesma data.

Para a súa identificación estenderase a correspondente certificación desde o Comité Organizador e poderán levar visibles os distintivos autorizados por este.

Os/as apoderados/as votarán na mesa na que estean censados e exercerán as súas funcións participando con voz, pero sen voto, en calquera Mesa electoral, podendo presentar as protestas ou reclamacións que estimen oportunas ante as operacións electorais da Mesa.

Os/as interventores exercen o seu dereito ao voto na mesa ante a que están acreditados, por tanto, no caso de que sexan designados nun centro electoral distinto ao que lle corresponde segundo o censo para a súa designación deberán realizar a aceptación da súa designación por vía telemática ou mediante o correspondente impreso xunto cunha copia do anverso do DNI.

Os/as interventores/as exercerán as súas funcións participando con voz, pero sen voto, a Mesa Electoral que están acreditados, podendo presentar as protestas ou reclamacións que estimen oportunas ante as operacións electorais e asinan a acta da Mesa.

Debido á aplicación da normativa sobre protección de datos persoais, ao tratarse dun proceso interno do partido, en ningún caso poderán ter copia do censo da mesa electoral.

2.7.5 Votación

As/os electoras/es exercerán o seu dereito ao voto no centro de votación en que se achen rexistrados/as. As/os electoras/es acreditarán a súa identidade ante a Mesa, exclusivamente, mediante a presentación do DNI, pasaporte, carné de conducir ou NIE. Comprobada a presenza do elector no censo da Mesa, o/a elector/a exercerá o seu dereito ao voto.

2.7.6 Papeletas e sobres

O voto constará de papeleta e sobre oficial, como norma xeral, cuxo modelo será aprobado pola Comisión Nacional de Ética.

Con antelación á xornada de votación, desde o Comité Organizador facilitaranse os modelos e plantillas, de tal maneira que haxa suficientes ao comezo da xornada de votación.

2.7.7 Fin da votación e escrutinio

Á hora establecida para o peche da votación, a Presidencia da Mesa anunciará o fin do acto de votación, permitindo o voto a quen, non exercéndoo, se ache no centro de votación. Posteriormente, exercerán o seu dereito ao voto os/as interventores/as e os/as membros da Mesa.

Concluídos os trámites anteriores procederase ao escrutinio dos votos.

Considerarase un único voto válido ao sobre que conteña varias papeletas da mesma candidatura.

Consideraranse votos en branco:

- O emitido en sobre sen papeleta
- O que conteña unha papeleta branca confeccionada como tal.

Consideraranse votos nulos:

- Os emitidos con sobres ou papeletas diferentes dos oficiais
- Os emitidos sen sobre
- Os sobres que conteñan papeletas de diferentes candidaturas
- Aqueles nos que, no sobre ou na papeleta, se realizaran inscricións, salvo aquelas que, pola súa entidade, non xeren dúbidas sobre a vontade do elector.

2.7.8 Actas

Finalizado o escrutinio, a Mesa estenderá e asinará a acta cos resultados no modelo aprobado pola Comisión Nacional de Ética e Garantías, que tamén asinarán os/as interventores/as das candidaturas presentes.

Na acta reflectiranse as incidencias da sesión, así como as protestas das candidaturas.

Unha copia da acta facilitarase a través dos medios electrónicos habilitados.

Unha copia da acta remitirase o máis axiña posible, á Comisión Nacional de Ética. Tamén se enviará á Comisión Nacional de Ética, en soporte físico, toda a documentación da mesa, incluíndo necesariamente o censo punteado e a acta de escrutinio. Xunto á acta haberán de remitirse os escritos de reclamación ou protesta formulados polos representantes das candidaturas, os votos nulos e aqueles cuxa validez fose cuestionada.

2.8. Proclamación de resultados [Artg. 163 RFD]

Recibidos os datos do escrutinio das mesas electorais, a Comisión Nacional de Ética proclamará o resultado provisional da elección.

Contra o resultado provisional, as candidaturas poderán interpoñer recursos de reposición ante a Comisión Nacional de Ética no prazo de 24 horas desde o final do acto de votación. Caberá recurso en segunda instancia ante a Comisión Federal de Ética e Garantías a presentar no prazo de 24 horas desde a resolución da primeira instancia.

2.9. Ratificación das/dos candidatas/os [Arts. 165 RFD]

Considerarase electa a persoa para ostentar a Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE cando:

- Sexa proclamada unha única candidatura tras o proceso de avais.
- Unha candidatura supere o 50% dos votos válidos na primeira volta do proceso de primarias.
- A candidatura que obteña maior porcentaxe de votos válidos na segunda volta do proceso de primarias.